

**BIBLIOTECA UNIVERSITARIA DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA**

**MEMORIA  
1992**



Aprobada pola Comisión da Biblioteca Universitaria na xuntanza do 18 de  
Maio de 1993.

## MARCO XERAL

1992 foi na BU de Santiago o ano en que comezaron a se plasma-los proxectos de automatización.

Na Biblioteca Xeral, que comezara a súa automatización en outubro de 1991, levaronse adiante as seguintes tarefas:

a) Reconversión do catálogo de monografías da **Sección Galicia**, catalogación automatizada das novas adquisicións, inicio da reconversión de rexistros analíticos de publicacións periódicas, e catalogación automatizada de rexistros analíticos de publicacións en curso. Así mesmo realizouse a depuración dos ficheiros de autoridades autor, series, títulos e entidades. A fins de ano esta base de datos contaba con **26.000 rexistros** bibliográficos, quedando pendente a depuración de duplicados.

b) Automatización da **Sección de Préstamo** adxudicación de códigos de barras ós fondos. Constitución da base de datos de usuarios con 5.600 cartas de lector automatizadas. A constitución destas dúas bases permitiu o inicio do préstamo automatizado en decembro de 1992.

c) Seguiuse a elaboración do catálogo automatizado dos fondos de nova adquisición.

d) En febreiro comezou a automatización do catálogo de publicacións periódicas, que a fins de ano contaba con 1.200 rexistros de revistas con subscripción aberta, e co conxunto de títulos de publicacións periódicas da B. América.

e) Reconversión de 14.000 rexistros da Biblioteca América financiados polo Convenio asinado pola Universidade e a Comisión do V Centenario da Xunta de Galicia.

f) Posta a punto do sistema de **Consultas de Acceso Público en liña**, que permite o acceso en pantalla por parte dos usuarios ó conxunto de fondos automatizados. A disponibilidad deste sistema por parte dos usuarios viuse retrasada a causa das obras nas instalacións da B. Xeral, agardándose que a principios do 93 estea operativo con máis de 46.000 rexistros bibliográficos.

Despois de diversos problemas relacionados coa instalación e as comunicacións dos equipos informáticos, en abril deste ano comezou a automatización das bibliotecas do campus Sur, agás a biblioteca da Facultade de Dereito, CCs. Políticas e Graduados Sociais.

As bibliotecas das Facultades de Química, Matemáticas e Bioloxía iniciaron a automatización da catalogación en curso, a reconversión dos seus catálogos manuais e a catalogación automatizada daqueles fondos que estaban sen catalogar. A finais do ano a situación en cada unha delas era como segue:

**-B. da F. de Química:** tódolos seus fondos están en soporte informático, quedando pendente a carga das cintas do catálogo reconvertido, a resignaturización dos fondos correspondentes a este catálogo, a depuración de duplicados, a corrección de autoridades, e a adxudicación de códigos de barras, traballos que serán abordados no ano 1993 e que permitirán a automatización do préstamo no curso 1993-94, así coma a disponibilidad do sistema de consultas de acceso público.

**-B. da F. de Matemáticas:** a fins de 1992 están en soporte informático o catálogo reconvertido, o catálogo de novas adquisicións, e gran parte dos fondos que existían na Biblioteca sen catalogación. É previsible que a fins de febreiro de 1993 teña tódolos seus fondos automatizados. Os labores pendentes son a carga do catálogo reconvertido, adxudicación de códigos de barras ós fondos dese catálogo

e a depuración da base de datos, prevendose tamén a instalación do sistema de consultas de acceso público e a automatización do préstamo no curso 1993-94.

**-B. da F. de Bioloxía:** está na mesma situación que a anterior en canto a automatización dos seus catálogos.

Outras dúas Bibliotecas deste Campus iniciaron a reconversión dos seus catálogos manuais e a automatización da catalogación en curso:

**-B. da F. de Farmacia:** ten reconvertido o seu catálogo e automatizada a catalogación de novas adquisicións. Se se solucionan os graves problemas de instalación dos seus fondos, é previsible que en 1993 se cataloguen os fondos actualmente dispersos en distintos locais da Facultade.

**-B. da F. de Física:** está na mesma situación que a anterior en canto á constitución dos catálogos. En 1993 comezará a catalogación automatizada dos fondos non catalogados.

Nunha situación diferente está a **B. Intercentros da F. de Filosofía e CCs. da Educación e da F. de Psicoloxía** que iniciou a catalogación automatizada en curso e a reconversión dos seus catálogos manuais. En datas próximas esta biblioteca contará co seu catálogo enteiro automatizado. Ten pendente para 1993 a depuración da base e a adxudicación dos códigos de barras.

Ademáis destas Bibliotecas, existe unha instalación do módulo de catalogación sobre un ordenador persoal na **B. da F. de Filoloxía**. Esta instalación comezou o seu funcionamento no mes de marzo e na súa base de datos catalográfica conta a fins de 1992 con 3.000 rexistros.

A fins de 1992 integrouse na **BX o Servicio de Teledocumentación** da Universidade, pasando a formar parte da **Sección de Información Bibliográfica e Referencia**.

Cabe destacar a publicación neste ano do catálogo **Publicacións Periódicas: Universidade de Santiago de Compostela. Universidade de Vigo**, que aínda que fora xa entregado á Imprenta da Universidade en 1991 non saeu á luz ata o segundo trimestre de 1992, e que constitue un inventario completo de títulos e fondos de publicacións nestas dúas Universidades.

Gracias ós traballos de reconversión anteditos dos fondos da Biblioteca América, neste ano puidose entregar á Imprenta da Universidade os rexistros para a edición dun novo Catálogo impreso dos fondos desta Biblioteca, que sairá conxuntamente coa reedición dos anteriores catálogos esgotados. Agardase a saída destes repertorios en 1993.

Con estas novas publicacións a BU retoma a edición impresa dos seus catálogos, que a partir dos anos 60 se tiña interrompido, coa excepción duns Apéndices de impresos dos séculos XV-XVIII que se publicaron en 1982-83.

Con obxecto de racionaliza-los recursos existentes na BU e de facer fronte ós graves problemas de instalacións en moitas das actuais bibliotecas de Centros, a fins de 1992 e á solicitude do Equipo Rectoral, a Dirección da BU elaborou un Anteproxecto para a creación dunha Biblioteca Intercentros no Campus Sur de Santiago e dunha Biblioteca Intercentros en Lugo. En ambolosdous casos presentáronse os anteproxectos á Comisión da BU e ás Comisións das Bibliotecas dos Centros implicados. O proxecto de edificio para a construción da Biblioteca do Campus de Lugo está xa encargado ó arquitecto D.Santiago Catalán.

Tamén neste ano se levaron adiante unha serie de xuntanzas coas Comisións da Biblioteca da F. de Dereito e CCs. Políticas cara á súa centralización e organización.

A BU de Santiago seguiu a participar nos traballos das redes REBIUN e DOCUMAT, das que forma parte.

REBIUN editou en 1992 unha edición provisional en CD-ROM dos rexistros automatizados dentro da rede e posteriormente unha edición definitiva, na que xa figuran os fondos da BU de Santiago. Estáse a preparar a actualización deste CD-ROM que na súa nova edición incluírá máis de 400.000 fondos bibliográficos, dos que 27.900 rexistros son da BU de Santiago.

REBIUN seguiu tamén adiante coas tarefas do proxecto de préstamo interbibliotecario e coas actividades de formación de persoal bibliotecario. No marco dos Cursos de Verán da Universidade de Cantabria, a rede organizou un curso sobre Publicacións Periódicas, o que asistiu persoal bibliotecario da Universidade de Santiago.

## PRESUPOSTO

O presuposto aprobado pola Xunta de Goberno para 1992 foi de 197.000.000 pts., distribuídas do seguinte xeito:

Capítulo 2: 17.000.000 pts.

Capítulo 6: 80.000.000 pts. de presuposto ordinario

100.000.000 pts. do Fondo de Solidariedade

En relación a 1991, este presuposto supón unha redución do 9% no Capítulo 2, e do 29% no Capítulo 6. Neste último Capítulo non se contemplou ningunha dotación na aplicación 605, mobiliario e equipamento, aínda que se fixeron investimentos coas remanentes do ano anterior.

Este presuposto distribuíuse de acordo ós criterios aprobados pola Xunta de Goberno, moi semellantes ós aplicados en anos anteriores, coa salvedade de que no Capítulo 2 se contemplou a existencia de Bibliotecas Intercentros.

A partida dedicada a publicacións periódicas foi de 125.000.000 de pts. (69% do presuposto do capítulo 6), incluíndose as novas suscripcións das Bibliotecas dos Centros e titulacións de nova creación (Facultades de CCs. da Información e CCs. Políticas e titulación de Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos). A fins de ano a facturación correspondente ó conxunto das suscripcións da BU foi de 128.245.586 pts, pago ó que se puido facer fronte pola existencia dunha remanente de 1991 de 3.568.815 pts. Un desglose de gastos por Centros pode verse no Anexo I.

As devaluacións da peseta a fins de ano crearon un novo factor de inestabilidade nas posibilidades de mante-las suscripcións actualmente existentes.

A cantidade restante do capítulo 6, 55.000.000 de pesetas, dedicaronse á adquisición de monografías, separándose unha dotación básica de 1.000.000 pts. para cada nova Facultade e de 500.000 pts. para a titulación de Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos. A cantidade restante supuxo unha diminución do presuposto dedicado a monografías do 50% respecto ó ano 1991.

A distribución desta partida fixose adxudicando unhas cantidades bases de 500.000 pts. ás Bibliotecas de Facultades Experimentais, 750.000.000 pts. ás Bibliotecas de Facultades non Experimentais e 250.000 pts. ás Bibliotecas de Escolas Universitarias.

A cantidade restante distribuíuse como sigue:

- Biblioteca Xeral: 11.400.000 pts.
- Libros de alumnos: 8.000.000 pts.
- Libros de investigación: 20.350.000 pts.

O crédito para libros de alumnos dividiuse de acordo á seguinte escala:

- Os 1.000 primeiros alumnos multiplican por 1.
- Os alumnos entre 1.000 e 2.000 multiplican por 0,5.
- Os alumnos que sobrepasen os 2.000 multiplican por 0,33.

O crédito dedicado a libros de investigación repartíuse tendo en conta as necesidades e os investimentos en publicacións periódicas, aplicando un criterio inverso, tal e como se veu facendo nos últimos anos. A escala foi a seguinte:

- 60% para as Bibliotecas dos Centros non Experimentais.
- 30% para as Bibliotecas de Centros Experimentais.
- 10% para as Bibliotecas das Escolas Universitarias.

Dentro de cada un destes grupos a distribución fixose de acordo ó número de profesores con adicación exclusiva no Centro e que desenvolve nel a súa investigación según o seguinte cómputo:

-Os primeiros 50 profesores contabilizan todos.

-Entre 50 e 75 profesores, contabilizan o 75%

-O número de profesores superior a 75, contabiliza o 50%.

Este presuposto viuse incrementado polos investimentos feitos polos Departamentos e Proxectos de Investigación, así como polas Axudas para Infraestrutura Bibliográfica da Xunta de Galicia. Así mesmo, algunhas bibliotecas tiñan considerables remanentes do ano 1991. Por todo isto, os investimentos reais en monografías e fondos retrospectivos de revistas foron de 120.980.318 pts. Un desglose desta cantidade por Centros pode verse no Anexo III.

En total os investimentos para fondos bibliográficos -monografías e publicacións periódicas- foi de 249.225.904 ptas.

## PERSOAL

No ano 1992 a BU contou co seguinte persoal:

- Escala Facultativa de Arquivos e Bibliotecas: 5
- Técnico de Documentación Informática: 1
- Escala de Axudantes de Bibliotecas: 35
- Contratos de obra: 16
  - Contratos temporais(3 meses) para a realización dos traballos preparatorios do Catálogo da B. América: 2
- Auxiliares administrativos: 3
- Auxiliares Técnicos de Bibliotecas: 59
- Porteiro Maior: 1
- Auxiliares de servicios. Area Conserxería: 2

No conxunto deste cadro de persoal houbo un importante número de baixas e incorporacións, moitas delas temporais, cos conseguíntes problemas derivados da integración continua de persoal . Entre o cadro de Axudantes de B.,A. e M. deixaron de presta-los seus servicios nesta Biblioteca:

- Dna. M<sup>a</sup> Carmen Domínguez Reboiras
- Dna. M<sup>a</sup> Lourdes Pardo Urquijo
- Dna. M<sup>a</sup> Dolores Mendía Sanmartín
- Dna. M<sup>a</sup> Eugenia Carballo Bobillo
- Dna. Caridad Sanz Bravo

A todos eles agradecemoslles a súa colaboración nas tarefas desta BU.

Incorporouse con plaza definitiva:

- D. Javier del Valle-Inclán Alsina

Neste ano tivo lugar o concurso-oposición para cubri-las 19 prazas de Auxiliares Técnicos de Bibliotecas correspondentes á oferta de emprego

de 1991, e a convocatoria das prazas de Axudantes de Bibliotecas da mesma oferta, quedando pendente a realización das probas para 1993.

Dentro deste mesmo gupo cesou por xubilación Dna. M<sup>a</sup> Dolores Barreiro Vázquez.

O persoal da BU participou en diversos cursos de formación. No mes de marzo a Universidade de A Coruña celebrou un Curso de 20 horas sobre **Sistemas automatizados de catalogación asistida**, no que participaron 10 bibliotecarios da BU de Santiago.

No mesmo mes a Universidade de Santiago convocou o Curso de Auxiliares Técnicos de Bibliotecas, dirixido á preparación das probas deste Grupo. Este Curso no que participou persoal contratado da Universidade, foi impartido por 2 funcionarios da BU, Dna. M<sup>a</sup> del Carmen Vázquez Ramos e Dna. Monserrat Fernández Vázquez.

O Xefe de Negociado de Mantemento de fondos da BX, D. Xosé Ramón Lema Bendaña, asistiu o Curso **Reparación y Conservación del Documento gráfico**, que tivo lugar en Granada organizado pola Asociación Andaluza de Bibliotecarios.

Na I Conferencia Española de Bibliotecarios e Documentalistas celebrada en Valencia no mes de maio e organizada pola Dirección Xeral do Libro e Bibliotecas do Ministerio de Cultura e as Asociacións de bibliotecarios e Documentalistas, participou a Subdirectora Técnica desta Biblioteca, Dna. Concepción Varela Orol, a quen se lle encargou en colaboración co Dr. da Biblioteca do Hospital Juan Canalejo de A Coruña, a ponencia Bibliotecarios: sus funciones.

No mes de setembro 5 funcionarias desta BU asistiron ó Curso **Publicacións Periódicas**, que organizado por REBIUN tivo lugar nos Cursos de verán da Universidade de Cantabria.

Asi mesmo diverso persoal da BU asistiu nos meses de outubro e novembro ós Cursos sobre **Puntos de Acceso e Planificación de Servicios bibliotecarios**, organizados pola Xunta de Galicia.

No mes de Novembro a Subdirectora de Coordinación da BU, Dna. M<sup>a</sup> Virtudes Pardo Gómez, asistiu ó Curso sobre **Gestión de Bibliotecas Universitarias**, que se celebrou en Madrid, organizado pola Fundación Germán Sánchez Ruipérez e dirixido por Maurice Line. Neste mesmo Curso, a Subdirectora Técnica impartiu a conferencia *La gestión de las Bibliotecas Universitarias en tiempo de crisis*.

Polo tanto, houbo unha considerable participación do persoal da BU en actividades profesionais, pero dende o punto de vista da Dirección sigue a botarse en falta a organización de actividades de formación por parte desta Universidade, o que permitiría que fosen máis axustadas ás necesidades desta BU, coincidindo cas súas liñas prioritarias de acción. Neste sentido, a Dirección sigue considerando do máximo interese a convocatoria de bolsas de formación noutras bibliotecas (Véxase Memoria da BU de 1991).

Neste ano o Ministerio de Cultura convocou bolsas para realizar visitas a centros bibliotecarios de diversos países. Dúas funcionarias desta BU foron seleccionadas para estas viaxes: Dna. M<sup>a</sup> del Carmen Vázquez Ramos, Xefa do Negociado da Sección Galicia, que visitou a Biblioteca Nacional de Lisboa a segunda quincena de outubro co fin de estudar os fondos galegos en bibliotecas portuguesas; e Dna. Pilar González Nóvoa, Xefa da Sección de Procesos Técnicos, que visitará no ano 1993 a Biblioteca Real Alberto I de Bruselas para estudar a elaboración de bases de datos bibliográficas.

Pola súa parte a Biblioteca Xeral recibiu a visita de estudo da Xefa do Servicio de Referencia da Biblioteca Universitaria de Cantabria, Dna. Loreto Rodríguez, que permaneceu tres días nesta biblioteca para

estudia-la composición dos fondos do Servicio de Información e Referencia.

## INSTALACIONES E EQUIPAMENTO

Neste ano 1992 fixéronse diversas reformas en instalacións existentes como fin de adaptalas ás necesidades bibliotecarias actuais. Estas reformas tiveron lugar na BX e nas Bibliotecas das Facultades de Matemáticas, Filosofía e CCE e Psicoloxía, Escola Universitaria de Formación do Profesorado de EXB en Lugo, e elaborouse o proxecto de reformas na Biblioteca da Facultade de CCs. Económicas e Empresariais.

A reformas na BX permiten contar con:

-Unha nova **Hemeroteca**, na que se atopan en libre acceso as coleccións de prensa microfilmada, as publicacións editadas polas Universidades de Galicia, as máis importantes publicacións oficiais que posúe a Biblioteca, e o último ano dunha selección de revistas (60 títulos) que a BX está a recibir. Esta Hemeroteca esta equipada con 3 lectores-reproductores de microformas (2 de nova adquisición), 1 lector microfilm-microficha e 5 lectores de microfichas (estes últimos adquiridos tamén en 1992). Conta con 51 novos postos de lectura, dos que 9 están equipados con lectores de microformas.

-Unha **Sección de Préstamo** en acceso directo con capacidade para 5.000 volumens. Esta Sección abriuse a costa de pecha-la Sala de Exposicións que anteriormente tiña a BX.

-Novas instalacións para a **Sección de Información Bibliográfica e Referencia**, que se encontraba colapsada nas súas anteriores instalacións. Conta neste momento con 12 postos de consulta, 2 deles equipados para consulta de microfichas, outro para consultas de CD-ROM e 1 para acceso ó sistema de consulta de acceso público da base de datos da BU. Esta Sección integrou tamén no presente ano o Servicio de Teledocumentación da Universidade.

-Ampliación de postos de lectura na Sala Xeral, que pasa a dispoñer de 214 postos de lectura, e reordenación da circulación de acordo ó novo acceso da BX pola entrada principal do Pazo de Fonseca.

As restantes obras nas bibliotecas de Centros tiveron coma fin primordial aumenta-la capacidade de almacenamento de fondos.

A situación da BU dende o punto de vista das instalacións segue a ser moi deficitaria, pese ás intervencións que se están a facer dende hai anos. En total a BU conta con 4.571 postos de lectura, cando debería contar con máis de 7.000 (Véxase Anexo II). Pero ademáis estas instalacións son claramente insuficientes para o almacenamento dos fondos nas Bibliotecas das Facultades de Dereito e CCs. Políticas, Farmacia, Filosofía e CCE e Psicoloxía, e EU de Estudos Empresariais. En canto a adecuación das instalacións ás súas funcións soamente hai que dicir que do conxunto de fondos da BU están en acceso directo nas bibliotecas de Centros 16.235 títulos de monografías no campus de Santiago, 160 títulos de monografías no campus de Lugo, 2.939 títulos de publicacións periódicas no campus de Santiago e 202 títulos de publicacións no campus de Lugo.

Os investimentos en equipamentos do ano 1992 fixéronse coa remanente existente do ano anterior, a non ser parte dos equipos informáticos (lectores de códigos de barras) que foron adquiridos polo Vicerrectorado de Asuntos Económicos. En boa parte estes equipamentos foron feitos na BX, que non gastara os seu presuposto o ano anterior ó non estar realizadas as reformas das instalacións, investimentos que foron completados polo Vicerrectorado de Asuntos Económicos.

Nas bibliotecas de Centros fixéronse investimentos para dotar de lectores de códigos de barras ás bibliotecas en proceso de automatización, así como adquisición de diverso mobiliario (a fins de

ano pendiente de adxudicación o concurso por importe de 3.000.000  
pts.).

## DESENVOLVEMENTO DAS COLECCIONS

En 1992 a BU adquiriu 27.775 monografías (1.991: 29.920) cos investimentos do seu propio presuposto, e dos presupostos de Departamentos, Proxectos de Investigación e Axudas para Infraestructura bibliotecaria da Xunta de Galicia. Unha análise por campus xeográficos e tipos de adquisición indica:

### **Biblioteca Xeral**

- Por compra: 1.937 títulos
- Por donativo: 1.413 títulos
- Por intercambio: 112 títulos
- Por Depósito Legal: 2.167

TOTAL: 5.629 títulos

Ingresaron tamén nesta Biblioteca fondos antigos e anticuados procedentes dos expurgos de Bibliotecas de Centros, dos que soamente poideron integrarse 163 títulos, estando os restantes en proceso de integración no ano 1993.

Do conxunto destes fondos cabe destaca-los donativos ingresados na B. América (503 títulos) a raíz das xestións feitas polo Presidente da Xunta de Galicia e o Rector desta Universidade. Estes donativos proceden fundamentalmente de Cuba, Perú, Paraguay, Puerto Rico e México.

Seguironse mantendo as liñas fundamentais de desenvolvemento das coleccións de anos anteriores coma a Sección Galicia e a Sección de Información Bibliográfica e Referencia, aínda que a redución do presuposto ocasiona que as adquisicións por compra non sexan comparables nin en cantidade nin en en calidade coas de anos anteriores. Sen embargo, aumentaron considerablemente as adquisicións por donativos, especialmente na Biblioteca América.

Dos fondos galegos (en total 884 títulos por compra e 2.167 por D.L.) cabe destacar a compra de fondos retrospectivos así coma da primeira traducción do Quijote ó galego.

### **Bibliotecas de Centros do Campus de Santiago**

- Por compra: 13.526 títulos
- Por donativo: 3.507 títulos
- Por intercambio: 1.660 títulos

TOTAL: 18.693 títulos

### **Bibliotecas de Centros do Campus de Lugo**

- Por compra: 2.917
- Por donativo: 607
- Por intercambio: 19

TOTAL: 3.543 títulos

Un desglose de ingresos por bibliotecas pode verse no Anexo III

As coleccións de **publicacións periódicas** da BU incrementáronse con fascículos de 6.980 títulos de revistas en curso. De estes títulos, 4.248 foron adquiridos co presuposto global da BU, 830 proceden do Servicio de Intercambio, 507 do Depósito Legal, 26 da FAO e 1.339 de donativos. Os títulos restantes son pagados con créditos de Departamentos ou Proxectos de Investigación. Os gastos de cada Centro sobre o presuposto global poden verse no Anexo I.

Un desglose por Campus indica:

- Biblioteca Xeral: 1.067 títulos (507 de D.L.)
- Campus de Santiago: 5.403 títulos
- Campus de Lugo: 510 títulos

As coleccións de publicacións que se mantiñan no ano 1991 engadíronse os títulos solicitados polos novos Centros e titulacións: Ciencias Políticas suscribiu 26 títulos, Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos 20 títulos e Ciencias da Información 6 títulos. Este último Centro reservou as posibilidades de suscripcións para vindeiros anos, dada a imposibilidade de facer unha selección axeitada neste momento ó non estar desenvolto o seu programa e liñas de investigación.

Cos presupostos de Departamentos, Proxectos de Investigación e Axudas para Infraestrutura Bibliotecaria adquiríronse coleccións retrospectivas de publicacións periódicas, ata un total de 194 títulos. A Biblioteca Xeral adquiriu A Fouce (edición facsímil), así como as coleccións en microfilm de La Región e El Progreso adquiridas cunha Axuda de Infraestrutura Bibliográfica da Xunta de Galicia. O número de títulos retrospectivos ingresados en cada Biblioteca pode verse no Anexo III.

A Biblioteca Xeral xestinou así mesmo a adquisición gratuita de diversos fascículos que incrementan os fondos de revistas existentes na BU. Recibíronse fascículos de 40 títulos das Bibliotecas Universitarias de Cantabria, A Coruña, Alcalá, UNED e Sevilla.

Pola súa parte esta BU enviou fascículos duplicados ás Universidades de Barcelona, Politécnica de Catalunya, Sevilla, Pompeu Fabra, Oviedo, UNED e Universidade do País Vasco.

En canto ó mantemento das coleccións, liña de especial importancia na BX dados os seus fondos antigos e históricos, seguiu o programa de microfilmación da prensa histórica de Galicia iniciado en 1989. Microfilmáronse os anos 1905 e 1907-1938 de El Eco de Santiago, así coma a revista Lar.

Aínda que o programa de microfilmación de fondos monográficos antigos non se iniciará sistemáticamente ata que estea finalizada a microfilmación da prensa, a petición de reproducións por parte dos usuarios de determinadas obras aconsellaron a microfilmación de 39 obras, entre elas 5 manuscritos e 3 libros da Biblioteca Lago.

## ORGANIZACION E PROCESOS TECNICOS

No ano 1992 procesáronse por parte do persoal da BU 22.480 monografías, é dicir un número inferior ó de libros ingresados, e isto pese a que nalgunhas bibliotecas de Centros (Filoloxía, Xeografía e Historia, CCs Económicas e Empresariais, EU de EXB de Santiago) están integrando nos catálogos bolsas de libros que se estaban a crear nos últimos anos ou procedentes de depósitos en Departamentos.

O lado destas Bibliotecas hai que sinalar outras (Bioloxía, Farmacia, Física) que catalogaron un número considerablemente inferior ós ingresos. Estes datos contrastan cos do ano anterior onde eran as Bibliotecas de Humanidades e Ciencias Sociais, que por outra parte ingresan un número moi superior de fondos, as que presentaban este problema. Hai que ter en conta que a partir de abril deste ano comezou a automatización na maioría das Bibliotecas do Campus Sur, e que polo tanto o persoal houbo de cambia-lo modo de traballo, e nalgúns casos prepara-los fondos para o traballo da empresa que fai a catalogación orixinal, o que explica un certo retraso na catalogación en curso.

A empresa que realiza a catalogación orixinal (GAD) realizou neste ano 20.049 rexistros bibliográficos das distintas Bibliotecas en proceso de automatización, mentras que a empresa ICSA reconvertiu os catálogos correspondentes a 78.745 fondos bibliográficos.

Na Biblioteca Xeral, que é a única que posue datos do número de fascículos de publicacións periódicas ingresadas, integráronse 18.856 unidades, das que 2.470 foron de prensa diaria, 3.235 de publicacións oficiais, 2.154 de revistas editadas en Galicia, 136 de revistas editadas en América, 4.556 de revistas extranxeiras e españolas, 6.279 microfichas e 26 entregas de CD-ROMs.

Nesta mesma biblioteca catalogáronse 1.060 títulos de publicacións periódicas, das que 691 foron títulos procedentes do Depósito Legal.

Así mesmo a Sección de Publicacións periódicas da BX realizou a catalogación analítica de 1.944 artigos de revistas referidos e/ou editados en Galicia, que pasaron a incrementa-la base de datos de Galicia. Por outra parte seguironse a vaciar fondos retrospectivos de revistas galegas coma *Acta Científica Compostelana*, *Cuadernos do Laboratorio Xeolóxico de Laxe*, *Medicina Galaica*, *Nova Galiza*, *Liceo Franciscano*, *Galicia en Madrid*, e *Galicia 10*. Este ano estes traballos sobre o fondo pechado foron con máis lentitude dado que se está a reconvertir polo propio persoal da Biblioteca o catálogo manual que recollía os artigos de revistas.

## SERVICIOS

Coma xa se dixo na introducción desta Memoria a BU pasou a prestar xunto cos servicios que tradicionalmente viña desenvolvendo (consulta en sala, préstamo a domicilio, información bibliográfica e referencia, préstamo interbibliotecario, reprografía, formación de usuarios, etc.) o servicio de consulta a bases de datos en liña, ó integrar a fins de ano o Servicio de Teledocumentación desta Universidade.

As demandas de documentos orixinais dos fondos da BU foron 499.845, o que supón un incremento do 15% sobre o ano 1991, aínda tendo en conta que algunhas bibliotecas como a BX, a B. da F. de Matemáticas e a B. da EU de F.P. de EXB de Lugo pasaron períodos con servicios restrinxidos dadas as obras realizadas nas súas instalacións. Puxéronse en servicio 415.613 documentos (o 83% dos fondos demandados) sen incluír nestas cifras estimacións de consultas en acceso directo por parte dalgúns bibliotecas. As causas polas que un 17% das solicitudes non puideron cubrirse na súa maioría son as fortes demandas sobre os mesmos fondos nas mesmas datas.

Deste conxunto de documentos, 223.493 consultáronse nas instalacións das bibliotecas. Deles 13.505 foron consultados na BX, 186.671 foron servidos no Campus de Santiago, e 23.317 no Campus de Lugo.

Na Biblioteca Xeral baixaron as consultas na sala xeral (1992: 6.625; 1991: 8.096) e na Hemeroteca (1992: 4.154; 1991: 4.607), o que se explica pola restricción dos servicios que funcionaron baixo mínimos a partir de setembro. Sen embargo, aumentaron as consultas da sala de investigadores (1992: 2.726; 1991: 2.212).

No servicio de reprografía realizáronse por parte do persoal das distintas bibliotecas máis de 125.000 documentos, e nas máquinas en acceso directo os usuarios fixeron máis de 900.000 copias. Este servicio veuse a poder prestar en mellores condicións para os usuarios pola maior liberdade de reproducións que supón a Lei 20/1992.

Dado que hai un número de usuarios (máximo posible 5.600) que teñen o seu rexistro de usuario duplicado para poder facer uso da Biblioteca do seu Centro e do servicio automatizado de préstamo da BX, non se poden dar datos exactos sobre o total de usuarios das bibliotecas. En todo caso foron máis de 31.719 os usuarios que obtiveron a súa carta de lector neste ano, dos que 7.455 son usuarios do Campus de Lugo.

O servicio de préstamo a domicilio emprestou 192.120 documentos. Unha distribución destes préstamos por Centro pode verse no Anexo IV.

No primeiro trimestre do Curso 1992-1993 a Biblioteca Xeral automatizou en gran parte o seu servicio de préstamo a domicilio, abrindo unha Sección especial de manuais en acceso directo dirixida a completa-las demandas que se producen nos centros.

Todalas Bibliotecas da BU prestan servicios de información bibliográfica e referencia, aínda que agás a Biblioteca Xeral, ningunha delas posúe persoal especificamente dedicado a estes servicios. Nas estatísticas proporcionadas polas bibliotecas de Centro non se adoitan indicar datos sobre os mesmos e polo tanto non é posible especifica-los nesta Memoria, nen facer unha análise dos mesmos. Hai que destacar sen embargo que a Biblioteca da Facultade de Medicina atendeu 3.575 consultas, das que 2.380 foron sobre búsquedas en formato electrónico.

O Servicio de Información Bibliográfica e Referencia da BX atendeu 3.163 consultas, practicamente nos tres primeiros trimestres do ano, xa

que no último estivo pechado ó público dado o seu traslado dentro da B. Xeral. Deste conxunto de consultas 15 foron desviadas a outras bibliotecas ou centros de documentación e 9 non puideron ser satisfeitas. 1.817 consultas foron de referencia (funcionamento dos servicios, consulta de catálogos, etc.), e 1.346 foron bibliográficas. Dos seus usuarios o 34,36% foron alumnos universitarios, o 25,35% investigadores, o 24,85% usuarios externos a esta Universidade, o 8,19% outras Bibliotecas desta Universidades, e o 7,25% restantes bibliotecas universitarias de Galicia ou outros tipos de bibliotecas. Estes datos seguen a tendencia xa indicada en 1991 a que aumente o número de usuarios investigadores, o que resulta un proceso normal dado o potencial bibliográfico que posúe este Servicio.

Dentro da formación de usuarios hai que salienta-la formación ofertada polas distintas bibliotecas de Centros e que é variada según as súas posibilidades. Dende os folletos informativos (BX, B. da F. de Xeografía e Historia) ata cursos de formación básica no uso das bibliotecas dirixidos ós alumnos (BX, B. da F. de Química, B. I. de Filosofía e CCE e Psicoloxía, B. da F. de Veterinaria, B. da EU de FP de EXB, B. I. Agrícolas) e cursos para profesores e alumnos do terceiro ciclo (B. da F. de Bioloxía, B.I. da F. de Filosofía e CCE. e Psicoloxía).

A BX impartiu un curso sobre recuperación bibliográfica a un grupo de profesores da EU de FP de EXB entre o 9 e 0 14 de marzo, e un curso similar do 29 de maio ó 3 de xuño a un grupo de alumnos do Curso de Doutoramento sobre Métodos de Investigación Documental.

Como un servicio de difusión dos seus fondos a BU realizou diversas exposicións bibliográficas , entre as que hai que destaca as realizadas na Biblioteca Intercentros das Facultades de Filosofía e CCE. e Psicoloxía, ó

redor dos fondos da propia Biblioteca (Filosofía da Ciencia, Terceira Idade, Muller e xénero).

A BX celebrou coma tódolos anos unha Mostra bibliográfica con motivo do Día das Letras Galegas. 1992 foi o ano de Fermín Bouza Brey. Na exposición ademais de cos fondos da BU, contouse coa xenerosa aportación da Biblioteca do Instituto Padre Sarmiento e coa colaboración de diversas persoas. Desta Mostra publicouse o correspondente catálogo.

A BX colaborou tamén co Congreso Mulher e Cultura, organizado polo Departamento de Didáctica da Lingua e Literatura, o Vicerrectorado de Política Cultural e a Associação Galega da Lingua, na realización dunha exposición sobre este mesmo tema, que se celebrou no Salón Artesonado do Pazo de Fonseca do 27 de febreiro ó 6 de Marzo.

A BX colaborou con exposicións realizadas por outras entidades, emprestando fondos da súa colección. Estas exposicións foron:

-Mostra sobre Manuel Colmeiro ( Santiago, 24 de xuño a 3 de xulio) organizada pola Escola Galega de Administración Pública.

-Exposición sobre Pedro Pérez de Castro (A Coruña, 1 de xullo a 14 de Agosto), organizada polo Museo de Bellas Artes de A Coruña.

-A Historia Natural de América na Universidade de Santiago (Santiago, xullo-dembro de 1992), organizada polo Vicerrectorado de Política Cultural.

-Galicia nos libros de fotografía (Ourense, 1 a 30 de novembro de 1992), organizada pola Biblioteca Pública de Ourense.

O servizo de Préstamo Interbibliotecario seguiu a ser desenvolvido en 2 puntos dentro da BU: a Biblioteca da Facultade de Medicina e a Biblioteca Xeral, a primeira atendendo ós usuarios da súa propia

Facultade e a segunda ós usuarios das restantes bibliotecas de Centros, así coma ás Universidades de A Coruña e Vigo.

Na BX este servicio solicitou en 1992 9.042 documentos a outras bibliotecas españolas e extranxeiras, o que supuxo un incremento do 12,43%. Destas solicitudes, 800 corresponden á Universidade de A Coruña e 1.480 á Universidade de Vigo (en total o 25,21%). Ademáis servíronse 1.923 documentos da BU de Santiago á BU de A coruña e 1.346 á Universidade de Vigo.

Das 9.042 solicitudes, 8.338 foron de reproducións de artigos de revistas e 703 de documentos orixinais. 430 foron anuladas, por estaren mal as referencias indicadas polos solicitantes ou tratarse de teses doctorais para as que non existiu permiso de consulta por parte do autor. Obtiveronse 6.009 documentos, o que dá un taxa de fracaso do 30,22%. Hai que ter en conta que máis de 1.000 solicitudes corresponden ó mes de decembro e que polo tanto a súa obtención terá lugar en 1993. Os principais Centros provedores de documentos para esta Biblioteca foron a British Library, a Library of Congress e Bibliotecas universitarias francesas, belgas e españolas, entre estas últimas moi especialmente as Bibliotecas da Universidade Central de Barcelona e da Universidade do País Vasco.

En lóxica correspondencia a BU serviu a outras bibliotecas 2.993 documentos dos 3.712 que lle foron demandados. As restantes solicitudes non foron satisfeitas por tratarse de referencias erróneas ou de fondos inexistentes. 654 solicitudes estaban a fins de ano pendentas de enviar ós centros demandantes.

Pola súa parte, o servicio de préstamo interbibliotecario da Biblioteca da Facultade de Medicina solicitou 5.057 documentos, e recibiu 2.606 solicitudes.

No ano 1992 produíxose neste servizo un certo grao de colapso, perfectamente comprensible se se ten en conta que dende 1989 e ata 1992 o incremento da carga de préstamo interbibliotecario na BX foi do 83% nas solicitudes a outros centros, e dun 954% nas solicitudes feitas a esta Biblioteca Universitaria, sen que se aumentase a plantilla máis que con xornadas parciais dun auxiliar administrativo e dun auxiliar técnico. A evolución do servizo é lóxica posto que é nestes anos cando se produce a incorporación ás coleccións da BU das bases de datos en CD-ROM, que o permitir unha recuperación bibliográfica sen custos directos para o usuario estimula a demanda e aumenta a bibliografía coñecida, de tal xeito que as coleccións locais son capaces de cubrir unha porcentaxe menor das necesidades. Por outra parte a edición do catálogo de publicacións periódicas e a incorporación dos rexistros automatizados no catálogo en CD-ROM de Rebiun fai os nosos fondos máis coñecidos e polo tanto máis demandados.

Desta situación foi informado o equipo rectoral, e agárdase que en datas próximas se chegue a un acordo coas novas Universidades cara a súa colaboración neste servizo.

## VISITAS ILUSTRES

Durante este ano a Biblioteca Xeral atendeu un número considerable de visitas, sobre todo á Biblioteca América dada a celebración do V Centenario. Entre elas hai que destacar a do Sr. Presidente de Uruguay o 9 de Abril , a do Sr. Vicepresidente de Cuba o 26 de Maio, e a do Sr. Presidente de Cuba o 27 de Xullo.

Outras visitas a esta Biblioteca foron as de diversos grupos, entre os que cabe destacar un grupo de profesores universitarios iberoamericanos(1 de setembro), un grupo de asistentes ó Congreso de AENOR (12 de maio) e un grupo de profesores colaboradores da Embaixada inglesa, acompañados polos Sres. Anthony H. Male, Director do Central Bureau for Educational Visits & Exchanges e Enrique Wulff Alonso, Conselleiro de Educación da Embaixada en España.

Así mesmo visitaron a Biblioteca Xeral da Universidade o Profesor Georges Duby o 23 de abril, Dña. M<sup>a</sup> del Carmen Lacambra, Directora da Biblioteca Nacional de Madrid, o 5 de novembro, e o Profesor Umberto Eco o 6 de Decembro.

# ANEXOS

## ANEXO I

### INVESTIMENTOS<sup>1</sup> DO PRESUPOSTO GLOBAL PARA REVISTAS

<u>Biblioteca Xeral</u>	5.690.402 ptas.
<u>Campus de Santiago</u>	
B. F. Bioloxía	11.064.216 ptas.
B. I. Dereito, CC Pol. e Gr	5.577.305 <sup>2</sup> ptas.
B.F.Económicas	6.550.997 ptas.
B. F Farmacia	12.111.162 ptas.
B. F. Filoloxía	3.069.983 ptas.
B. I. F <sup>a</sup> e Ps.	5.218.562 ptas.
B. I. Física e Opt.	15.323.030 ptas.
B.I. X <sup>a</sup> eH <sup>a</sup> e CC Inf.	3.338.174 ptas. <sup>3</sup>
B. F. Matemáticas	13.917.454 ptas.
B. F. Medicina	15.627.811 ptas.
B. F. Química	15.477.930 ptas.
B. EU de EXB	807.941 ptas.
B.EU Enfermería	207.203 ptas.
B. ICE	257.626 ptas.
B. Observatorio	842.591 ptas.
<u>Campus de Lugo</u>	
B. ETS, EU Agríc.	2. 544.654 ptas.

<sup>1</sup>Os investimentos reseñados neste Anexo corresponden á contabilidade interna do Servicio de Publicacións Periódicas da BX. Pode haber pequenas variacións en función do cambio da moeda estranxeira a fins de ano.

<sup>2</sup>Neste investimento están incluídas 1.400.970 pts. das novas suscripcións da Facultade de Ciencias Políticas.

<sup>3</sup>Neste investimento están incluídas 118.800 pts. das novas suscripcións da Facultade de Ciencias da Información.

B.F.Ciencias e H. <sup>4</sup>	3.402.414 ptas.
B. F. Veterinaria	5.930.843 ptas.
B. EU de EXB	620.165 ptas.
B. EU CCs. Empr.	665.123 ptas.
TOTAL	128.245.586 pts.

---

<sup>4</sup>Neste investimento están incluídas 498.762 pts. das novas suscripcións da titulación de Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos.

ANEXO II  
POSTOS DE LECTURA<sup>5</sup>

	Existentes	Estandar
<u>Campus de Santiago</u>		
B. F. Biología	260	225
B. I. Dereito, CC Pol. e Gr	500	1.110
B.F.Económicas	311	964
B. F Farmacia	474	384
B. F. Filología	394	746
B. I. Fa <sup>a</sup> e CCE	246	492
B. I. Física e Opt.	154	267
B.I. X <sup>a</sup> eH <sup>a</sup> e CC Inf.	420	425
B. F. Matemáticas	250	232
B. F. Medicina	260	390
B. F. Química	180	203
B. EU de EXB	130	268
B.EU Enfermería	94	109
<b>Total</b>	<b>3.673</b>	<b>5.815</b>
 <u>Campus de Lugo</u>		
B. ETS, EU Agríc.	96	466
B.F.Ciencias e H.	144	104
B. F. Veterinaria	194	269
B. EU de EXB	54	100
B. EU CCs. Empr.	60	252
<b>Total</b>	<b>548</b>	<b>1.191</b>

<sup>5</sup>As necesidades sobre o número de postos de lectura están calculadas sobre o número de alumnos matriculados no curso 1992-1993.

**ANEXO III**  
**ADQUISICION DE MONOGRAFIAS 1992**

<b>Bibliot.</b>	<b>Presuposto<sup>6</sup></b>	<b>Adquisicións<sup>7</sup> por compra</b>	<b>Total ingresos<sup>8</sup></b>
<b><u>B. Xeral</u></b>	17.400.000	1.937	5.629
<b><u>Campus Santiago</u></b>			
<b>Biol.</b>	4.120.841	647	864
<b>Der.</b>	11.111.892	2.383(4)	2.678
<b>Econ</b>	4.656.930	942(23)	1.546
<b>Farm</b>	4.921.066	396(1)	494
<b>Filol</b>	17.230.480	3.216(5)	4.100
<b>F<sup>a</sup>eP<sup>s</sup></b>	5.612.571	1.481(5)	1.757
<b>Fís e Opt</b>	3.641.097	504	639
<b>X<sup>a</sup>eH<sup>a</sup>e CCI</b>	8.554.506	1.677(21)	2.566
<b>Mate</b>	5.018.806	554	674
<b>Medic</b>	4.679.118	186(60)	1.514
<b>Quím.</b>	9.543.748	323(4)	474
<b>EXB</b>	2.754.125	1.033(11)	1.229

<sup>6</sup>Inclúense nestas cantidades tódolos fondos presupostarios calquera que fora a súa procedencia: presuposto Biblioteca, Axudas de Infraestrutura da Xunta de Galicia, presupostos Departamentos, Proxectos de Investigación, etc.

<sup>7</sup>Ademáis destes títulos de monografías, algunhas bibliotecas adquiriron con este presuposto fondos retrospectivos de revistas. Indícase o número de títulos entre parentese.

<sup>8</sup>Indícase o total de títulos de monografías ingresados por cada Biblioteca, foran por compra, donativo ou intercambio.

Enfer.	601.000	60	118
--------	---------	----	-----

Campus de Lugo

Vete.	5.263.362	261(27)	434
Agric.e For.	6.572.579	943(11)	1.068
Cienc.e Fil.	6.844.600	833(18)	988
EXB	1.667.015	677(1)	689
Empres.	786.582	153	364

## ANEXO IV

### CONSULTAS NOS SERVICIOS DE SALA E PRESTAMO A DOMICILIO

Bibliot.	Sala	Fondos libre acceso <sup>9</sup>	Préstamo	Total
<b>BX<sup>10</sup></b>	13.505		18.418	31.923
<b><u>Campus Santiago</u></b>				
<b>Biol.</b>	6.941		10.205	17.146
<b>Dere.</b>	10.000		360	10.360
<b>Econ.</b>	34.356	2.890	11.036	48.282
<b>Farm.</b>	2.136		5.563	7.699
<b>Filol.</b>	10.493		35.124	45.617
<b>F<sup>a</sup>ePs.</b>	14.026	163	20.279	34.468
<b>Físic.</b>	2.690		8.736	11.426
<b>X<sup>a</sup>eHa</b>	28.936		16.685	45.621
<b>Matem.<sup>10</sup></b>	4.612	4.800	7.775	17.187
<b>Medic.</b>	16.078	2.500	6.053	24.631
<b>Quím.</b>	4.800	32.000	7.580	44.380
<b>EXB</b>	5.307	1.995	10.021	17.323
<b>Enf.</b>	1.948		5.037	6.985

<sup>9</sup> A maioría das bibliotecas carecen de datos sobre o uso dos fondos en libre acceso. As que os indican fan estimacións de uso

<sup>10</sup> A Biblioteca Xeral, B. da F. de Matemáticas, e a B. da EU de EXB de Lugo realizaron obras nas súas instalacións a partir do verán e polo tanto tiveron pechados algúns servizos. A fins de ano estas obras aínda non remataran na BX e en EXB de Lugo.

Campus de Lugo

Veter.	4.801	7.784	12.585
Agríc.eFor.	13.736	10.938	24.674
Cien. e Fil.	1.742	3.290	5.032
EXB <sup>10</sup>	2.356	4.193	6.549
Empr.	682	3.043	3.725

